

PLAN DE CONVIVENCIA

1. Consideracións previas.....	2
2. Análise da situación do centro en materia de convivencia.....	3
3. Obxectivos do plan.....	4
4. Organización e xestión da convivencia no centro. Actividades previstas.....	6
5. Normas básicas de convivencia do centro.....	15
6. Condutas contrarias á convivencia escolar e medidas correctoras.....	16
7. Protocolos específicos.....	19
8. Seguimento e avaliación do desenvolvemento do Plan de Convivencia. Difusión.....	26

1. Consideracións previas

O Plan de Convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar, necesaria para garantir unha educación no exercicio dos dereitos e liberdades de todos membros da comunidade escolar. Un bo ambiente de traballo implica un esforzo de toda a comunidade por acadar certos valores e normas consensuadas. E, por enriba de todo, implica o **respecto**: respecto aos espazos, ás instalacións, ao material, ao alumnado, ao profesorado, administrativos, conserxes, persoal de limpeza, etc.

Á hora de facer este plan, partimos dunha concepción do conflito como algo intrínseco á convivencia que, á vez, é unha fonte de posibles aprendizaxes cara o desenvolvemento persoal e social.

Se ben o conflito é inherente ás persoas, dende o noso instituto queremos fuxir tanto da cultura da permisividade, que leva a situacións de indisciplina e mesmo de violencia, como da baseada en modelos unicamente punitivos e autoritarios. Apostamos polo modelo de **disciplina democrática**, asentado na racionalidade e no afecto, no respecto mutuo e no compromiso de cada persoa coas súas responsabilidades. A disciplina democrática está caracterizada polos seguintes trazos (Jares, 2011):

- A busca constante da cohesión e da integración, a confianza, a autoestima positiva, a autonomía e a emancipación, a empatía, o cultivo das boas relacións interpersoais, a aprendizaxe cooperativa, a negociación das normas de convivencia, o respecto mutuo.

- O rexeitamento da exclusión, o medo, as ameazas, a submisión, a ridiculización ou a humillación, o silencio como norma constante, o dominio, a indiferenza no trato interpersoal, o derrotismo, a competitividade interpersoal.

Doutra banda, este plan está elaborado, seguindo a normativa vixente:

- *Lei Orgánica 8/1995, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (BOE do 4).*
- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE do 10).*

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

2. Análise da situación do centro en materia de convivencia

O IES Auga da Laxe é un centro escolar público, composto por uns 350 alumnos e alumnas, no que se imparte ESO e Bacharelato. O feito de que a primeira das ensinanzas sexa de carácter obrigatorio e a segunda delas non, así como a ampla franxa de idades, comprendida entre os 12 e os 18 anos, fai que os comportamentos e mesmo o trato e necesidades sexan moi diversos.

Tal e como temos analizado tanto nas Comisións de Coordinación Pedagóxicas como no Claustro, o IES mantén, en liñas xerais, unha convivencia entre os distintos estamentos da comunidade escolar tranquila e respectuosa. Estas consideracións obtéñense logo de presentar neses órganos de coordinación os documentos pertinentes: principalmente amoestacións e expedientes disciplinarios.

Partimos ademais, nesta actualización do Plan de Convivencia, da enquisa de convivencia escolar levada a cabo pola Xunta durante o curso 2.015-2.016.

Dos resultados desta enquisa destacamos:

- Participación:

ESO: realizada polo 82% do alumnado

BACH: 68%

Profesorado: 55%

Familias: 7% moi aproximado (23 familias)

- Cuestións disciplinarias:

Tanto da mencionada enquisa como da observación ao longo dos anos, podemos concluir que os tipos de conflitos máis habituais que se presentan no instituto son os seguintes:

- Interrupcións na aula: falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros cando cómpre silencio.
- Esquecemento do material para o desenvolvemento da clase: libros, axendas, cadernos, material para escribir, calculadora, material específico de debuxo, música ou educación física.
- Faltas inxustificadas de puntualidade ou de asistencia a clase.
- Desconsideración co profesorado e cos compañeiros ou compañeiras.
- Pequenas pelexas en espazos comúns (baños, patio, corredores,...).
- Mala utilización do material do centro: pintadas en portas e mesas, desorde e mesmo perda de revistas no punto de lectura, papeis e plásticos de envoltorio estrados polo chan en ocasións.
- Demoras na devolución de libros de préstamo da biblioteca.

As causas que provocan os conflitos citados adoitan ser: a falta de motivación, dificultades na aprendizaxe, falta de estratexias para resolver conflitos. En menor medida, pero tamén, falta dun referente que lle transmita límites, falta de axuda ou motivación na casa ou no entorno.

3. Obxectivos do plan

Os obxectivos xerais a acadar no Plan de Convivencia son os que aparecen regulados no artigo 12 do Decreto 8/2015. Son os seguintes:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha

adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.

c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.

e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Entre os obxectivos específicos sinalamos:

- Promover e favorecer as actuacións en prol da educación en materia de xénero e en contra das actitudes de discriminación ás mulleres.

- Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.
- A propia actualización do Plan de Convivencia e do NOF.
- Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralas.
- Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
- Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento e resolución de conflitos que puideran xurdir no centro, e aprender a utilizalos como fonte de experiencia de aprendizaxe.
- Facilitar instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura de paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- Facilitar a mediación para la resolución pacífica dos conflitos.
- Promover actividades con ONG's, para que o alumnado coñeza outras realidades e tome consciencia delas.

4. Organización e xestión da convivencia no centro. Actividades previstas.

A convivencia debe constituir un eixe vertebrador no instituto e, polo tanto, a súa xestión debe estar presente en todos os momentos e espazos.

En xeral, o noso traballo en materia de convivencia centrámolo en dous tipos de actuación:

- Medidas preventivas: reunións iniciais (de equipo directivo, de orientadora cos titores, de titores e equipo directivo coas familias, etc); revisión e estudo do NOF co

alumnado nas primeiras sesións de tutoría, control de faltas, chamadas ás familias, etc.

- Resolución de conflitos: múltiples vías: diálogo co titor/a, orientadora, xefa de estudos ou director, así como coa familia se é preciso, reflexións orais e escritas sobre determinadas condutas, realización de traballos específicos, amoestacións, privacións de recreo ou actividade complementaria ou extraescolar, realización de tarefas fóra de horario lectivo, expulsións...

As principais características organizativas e de actuación no centro son:

Actividades de carácter xenérico

- Coñecemento do plan de convivencia por parte de toda a comunidade educativa para a súa aplicación.
- Contar cun buzón de queixas e suxestións a disposición de alumnado e familias, para que o poidan empregar como caixa de correo, en particular aquelas persoas que teñen medo de sufrir represalias por denuncias de agresións ou acoso.
- Incidencia na mellora da vixilancia das áreas comúns durante os recreos e cambios de clase, en particular ao principio e final de curso e cando hai indicios de empeoramento da convivencia ou de acoso.
- Realización de actividades lúdicas e deportivas nos recreos e días “especiais” orientadas á mellora da convivencia e participación na vida do centro.
- Realización de campañas de actividades que redunden na boa convivencia, bos hábitos de coidado e no coñecemento do ben común (tarefas de limpeza de ríos e praias, campañas contra o tabaco, campañas a prol da igualdade de xénero, campañas de carácter solidario, etc).

Organizacións dos espazos

O noso centro ten aulas-materia. Isto supón para o alumnado o cambiar de aula cada 50', de maneira que se produce un descanso de 5 minutos e un cambio de espazo, favorable en moitos aspectos. Para o profesorado supón unha axuda ao ter, en moitas ocasións, un lugar propio para organizar o material. Logo de cada clase, o docente

debe pechar a aula. Non contamos con departamentos físicos, polo que non resulta doado, para o profesorado, facer determinado traballo no centro, agás na sala de profesores.

O ximnasio e a aula de música atópanse separados do edificio, e son atendidos principalmente polo profesorado que traballa neles. O salón de actos emprégase para charlas, obras de teatro, concertos, ensaios, e realización de exames principalmente.

A planta baixa do centro, espaciosa e iluminada de xeito natural grazas ao lucernario, resulta un espazo moi importante, chamativo e agradable, que intentamos permaneza coidado e limpo, algo imprescindible para manter un bo clima de traballo. Nela, de xeito permanente, temos cadros restaurados e mesmo elaborados, algúns deles, polo alumnado e profesorado de Educación Plástica. Contamos, a cotío, con exposicións temporais de carácter científico e artístico (creadas, en moitas ocasións, polo alumnado nas diferentes materias), e instalacións e adornos con motivo de distintos festexos. Dispoñemos tamén, nesta planta baixa, de dúas mesas de ping pong, varios taboleiros de xadrez, unha mesa grande de estudo e un punto de lectura con revistas de varios tipos.

Durante o recreo, de media hora de duración, tratamos de evitar que o alumnado permaneza nos corredores. Debe saír ao patio, estar na biblioteca, na planta baixa ou na cafetería. Hai sempre dous docentes de garda en cada recreo.

Un lugar importante para a convivencia é a cafetería: resulta un espazo moi agradable tanto pola súa ubicación como, sobre todo, polo servizo ofrecido nela mesma, de moita calidade.

A biblioteca é outro lugar moi frecuentado polo alumnado e polo profesorado, tanto polo servizo de préstamo, como por ser un bo lugar para traballar e investigar. Tamén, polo carácter aberto que intentamos posúa este espazo. Para lograr todo isto, cómpre manter un grupo de docentes con dispoñibilidade para atender á súa organización e orde .

Outro lugar a destacar é o propio patio, sito arredor do edificio. Unha parte importante do mesmo é a pista deportiva, con porterías de fútbol, canchas de baloncesto, rede portátil para tenis... e que conta cunha ampla bancada. O deporte que o alumnado

adoita practicar é o fútbol. Habitualmente, de xeito libre; ás veces, xóganse pequenas ligas. É un feito que soen ser os rapaces, e non as rapazas, os que xogan, ocupando a meirande parte do espazo. Unha preocupación que temos é a de regular dalgún xeito a participación neste deporte para que a ocupación deste espazo sexa máis paritaria. Non é doado porque o fútbol, na nosa sociedade, soe ser un deporte practicado por polos nenos principalmente. Este é un asunto que, como moitos outros que concirnen á convivencia, segue en revisión.

Comisión de Convivencia

Órgano colexiado constituído no seo do Consello Escolar. Ten carácter consultivo, e vela pola correcta aplicación do disposto no Plan de Convivencia. Integra o principio de igualdade entre homes e mulleres de todos os sectores da comunidade educativa. Está composta por persoas representantes do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos. Está presidida pola persoa titular da dirección do centro. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde á dirección por proposta dos colectivos representados.

Posúe, neste centro, e xunto co departamento de Orientación, unha función principalmente de mediación e de apoio ás actividades que se realizan de fomento da igualdade entre homes e mulleres.

As súas funcións específicas veñen reguladas no Artigo 6 do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

O NOF

Documento que describe as normas de funcionamento do centro e as posibles sancións en caso de incumprimento, así como quen e cando se deben levar a cabo.

É traballado co alumnado de ESO durante as primeiras sesións lectivas de titoría, ao comezo do curso.

Integración do alumnado novo

No mes de maio, o alumnado e profesorado de 6º de primaria do CEIP Chano Piñeiro, o noso centro adscrito, realiza unha visita ao IES Auga da Laxe durante unha xornada escolar. Asiste a unha charla coa Orientadora, visita as instalacións do instituto, realiza algunha actividade de Plástica ou Educación Física, outra no laboratorio e desfruta dun tempo de lecer, acompañado dun zume de laranxa na cafetería.

A partires deste curso, estenderemos esta "xornada de portas abertas" ao alumnado de 4º de ESO procedente do IES Terra de Turonio, que se incorporará ao noso instituto para cursar Bacharelato.

Doutra banda, contamos cun plan de acollida para o alumnado que se incorpora ao centro co curso xa iniciado.

Relación coas familias

Ao inicio de curso, o equipo directivo reúne a nais e pais do alumnado para presentar ao equipo docente e explicar aspectos destacados do curso escolar que comeza. Posteriormente, as familias teñen ocasión de reunirse, por primeira vez, coas titoras e titores dos seus fillos.

A acción tutorial

É necesaria, aínda que non suficiente, para desenvolver un axeitado clima de convivencia. Grazas á acción tutorial, o profesorado pode dispoñer de dinámicas de consolidación do grupo-clase, intercambiar información entre alumnado, profesorado e familias; desenvolver actitudes de comunicación. A través da acción tutorial chégase a un maior coñecemento do alumno/a, o que facilita a súa orientación, axuda e motivación. É un instrumento a través do cal o alumnado pode mellorar as habilidades sociais, a forma de recoñecerse a si mesmo coas súas emocións e comportamentos, así como de expresar as súas opinións.

Orientación

Dentro do Plan de Acción Titorial, recóllese un Programa de habilidades sociais, xa que se considera que a competencia social é fundamental para poder colaborar con outras persoas de forma comunicativa e construtiva, manifestar un comportamento axeitado no grupo e manter boas relacións interpersonais.

Este programa desenvólvese en todos os cursos da ESO, nas sesións de titoría. Non obstante, tense desenvolvido de xeito individual con alumnado que comete reiteradas faltas contrarias ás normas de convivencia ou que ten sido expulsado.

Dentro do Plan de Acción Titorial, recóllense outras actividades, en colaboración con organismos externos, que buscan fomentar a convivencia no centro, tales como a participación no *Plan Director para a convivencia nos centros escolares*, ou como o *Programa de prevención de condutas infractoras* da Asociación Arela.

Aula de Convivencia

Unha das novas do curso 2.015-2.016 foi regulación de normas básicas para o establecemento dunha aula de convivencia para de cara xa ao seguinte curso. Ditas normas están recollidas neste plan de convivencia no Anexo I.

Estratexias de intervención do profesorado

Conseguir e manter o control da aula por parte do profesorado é un requisito inicial imprescindible para poder plantexarse obxectivos académicos doutra índole. O control debe ser mínimo pero suficiente, e debemos conseguir, pouco a pouco, que se vaia substituíndo polo autocontrol do alumnado.

Seguindo a J.Vaello, psicólogo, orientador e autor de varios libros sobre resolución de conflitos nas aulas, e habilidades sociais, as catro estratexias básicas para conseguir o control da aula son:

- Os límites
- As advertencias
- Os compromisos
- A sancións

Como espuxemos ao inicio deste documento, intentamos fuxir da sanción como única vía para lograr un bo clima de convivencia. Desde esta premisa intentamos traballar tamén dende Xefatura de Estudos, tanto co alumnado, sobre todo, como co profesorado.

A continuación plasmamos neste documento un conxunto de estratexias que poden ser útiles á hora de resolver cuestións de indisciplina. Proceden da práctica de docentes e de publicacións feitas sobre o tema.

En primeiro lugar imos diferenciar entre estratexias grupais e individuais: as estratexias grupais sempre serán as máis convenientes, xa que son de carácter preventivo; teñen que ver ca maneira de organizar a clase, as formas de intervención, as normas de comportamento básico, etc.

• ESTRATEGIAS GRUPAIS: ao falar de estratexias grupais estámonos a referir tanto o feito de actuar con todo o grupo clase, como a que o profesorado actúe dunha maneira conxunta. Temos:

- Relacionadas ca organización da aula.

- Separar ó alumnado dos compañeiros ou compañeiras cos que se distrae.
- Organizar a clase por orden de lista e despois facer aqueles axustes que se consideren necesarios (pódese variar a letra de inicio cada certo tempo).
- Organizar a clase en U.

- Relacionadas cas formas de intervención.

- Facer as clases o máis participativas e activas posible (a clase maxistral en cursos baixos aumenta as distraccións).
- Traballo cooperativo.
- Facer traballos prácticos.

- Relacionadas cas normas de comportamento básico.

- Ao chegar a clase, sentarse e sacar o material.
- Pedir permiso para levantarse.
- Levantar a man e pedir permiso para poder intervir.
- Respectar as quendas de palabra.

- Ao finalizar a clase poñer ben as cadeiras e a última hora deixalas enriba da mesa (o timbre xa soa uns minutos antes da hora de finalización para podelo facer).

- **ESTRATEGIAS INDIVIDUAIS:** son aquelas que se aplicarán cun alumno ou alumna que molesta ou interrompe de forma reiterada .

A continuación presentamos unha serie de principios que nos parecen de utilidade para o profesorado á hora de enfrontarse a situacións conflitivas na aula.

Primeiro vexamos dous principios básicos de modificación de conduta.

1) En ocasións, **é preferible ignorar unha mala conduta para eliminala:** deste xeito, non colaboramos co seu mantemento. Sabemos que ás veces estas condutas de oposición danse para chamar a atención, e o alumnado que non participa está, á súa vez, expectante ante unha nova crítica do profesorado.

Estamos a falar, claro, de condutas leves.

2) **Máis que castigar as condutas negativas é conveniente reforzar as condutas adaptativas:** resulta sempre mellor traballar en positivo, sinalar o que queremos conseguir. Desta maneira ofrecemos pautas.

Cando nos vemos na obriga de chamar a atención a alguén debido a que tivo unha conduta inaceptable, deberíamos facelo tendo en conta os seguintes principios de comunicación:

1) **As chamadas de atención deben realizarse en privado,** mellor ó final da clase ou nun pequeno aparte procurando falar en voz baixa e cordial: Cando criticamos ou chamamos a atención en público a alguén debido a que tivo unha conduta inaceptable, creamos sen quererlo un clima de expectación e entran en xogo os roles e o status que o alumnado e o profesorado teñen na clase. Se a persoa aludida replica en mal ton, o profesor ou profesora tenderá a incrementar a reprimenda, para non ver minguada a súa autoridade. Se o alumno ou alumna acepta a reprimenda, ademais de ter que afrontar o propio castigo, sentirase como perdedor ou perdedora ante o seu grupo de iguais. Desta maneira, estamos conseguindo estragar o bo clima e a boa relación que debe haber nunha aula.

2) **As chamadas de atención funcionan mellor se en vez de rifar á persoa o facemos**

á súa conduta: Moitas veces cando nos critican un comportamento sentímonos agredidos e non aceptamos o comentario porque aínda que podemos recoñecer que a outra persoa quizais teña razón, non nos gusta a forma na que nolo dixo. Tamén ocorre o contrario, ás veces temos que facer un comentario a alguén e danos reparo que o poida tomar coma algo persoal. O que soe estar detrás de todo isto é que as críticas a determinadas condutas ou comportamentos as convertemos en críticas á persoa e isto, para o que as recibe, é moi forte.

Deste xeito evitamos que a necesaria chamada de atención sexa percibida coma un enfrontamento persoal, que vai dispor a persoa afectada á resistencia ó cambio e á agresividade, ao sentirse ferida.

INCORRECTO (criticamos á persoa)	CORRECTO (criticamos a súa conduta)
* Es un desastre.	* Iso que fas non está ben.
* Non tes sentido común.	* Tes que reflexionar máis as túas respostas, seguro que así serán válidas.
* Tesme farto.	* Debido á túa forma de comportarte resúltame difícil traballar contigo.

No Anexo II incluímos, como guía para o profesorado, un extracto do curso “A convivencia nos centros educativos como factor de calidade”, organizado por Platega. No texto, de Guillermo Rodríguez Gómez e Diego Rodicio Álvarez, dánsenos técnicas para a modificación de condutas disruptivas e estratexias socioemocionais para a resolución de conflitos.

Escola de nais e pais

Todos os anos, o psicólogo da Mancomunidade do Val Miñor pon en marcha unha escola de nais e pais á que convida ás nais e pais da zona. Habitualmente as sesións desenvólvense no IES Terra de Turonio, centro colindante co IES Auga da Laxe.

Doutra banda, no IES desenvólvense varias charlas durante o curso destinadas ás familias sobre temas variados dos seu interese: orientación curricular, uso das novas tecnoloxías, etc.

Mediación escolar

Como xa se sinalou ao principio, o IES Auga da Laxe mantén unha convivencia tranquila. É por isto que non contamos cun protocolo específico en canto a mediación escolar se refire. Sen embargo, empregámola continuamente na resolución de pequenos conflitos. Como mediadores actúan, principalmente, a Xefa de Estudos, Orientadora, e algunhas veces alumnado coñecedor do conflito en cuestión.

Doutra banda, na lexislación citada contempláse a mediación no caso da resolución de determinados expedientes disciplinarios: os conciliados. Polo de agora, ningún dos que temos tramitado a partir da publicación desa normativa se podía acoller a esta modalidade, por non cumprir os requerimentos.

5. Normas básicas de convivencia do centro.

- Asistir sempre a clase e con puntualidade. Tanto as faltas como os retrasos deberán xustificarse. O persoal de conserxería achégase a primeira hora ás clases e toma nota do alumnado ausente. Se é menor de idade, chama ás familias para informar ou preguntar pola ausencia do estudante. Cada un dos profesores anota no Xade as faltas, tanto de asistencia como de puntualidade, sendo despois o titor/a quen xestiona os xustificantes das familias e informa ás mesmas se se reiteran as faltas. Neste caso, tamén informará á Xefatura de Estudos.
- Asistir á clase co material necesario. O caso contrario será motivo de amoestación.
- Traballar na clase e manter un comportamento axeitado para que o resto das persoas o poidan facer tamén.
- Respetar o material da aula e instalacións do centro.
- Durante os recreos, soamente o alumnado de Bacharelato, con autorización,

poderá abandonar o recinto escolar.

- Tratar con respecto a todas as persoas.

- Observar as prohibicións legais de consumir tabaco, alcohol e outras substancias prohibidas; uso inadecuado de útiles tecnolóxicos e as normas elementais de educación e sentido común (limpeza, respecto, etc).

6. Condutas contrarias á convivencia escolar e medidas correctoras.

Ante problemas de convivencia, debemos ter claro quen e como se vai xestionar o conflito, e de que clase de conflito se trata. Doutra banda, debemos ter sempre presente que o carácter educativo e recuperador das medidas correctoras impostas e a súa gradación. Todo isto vén especificado no citado Decreto 8/2015 de convivencia; en concreto, nos artigos 32 a 37 de tal decreto. O artigo 35 fai mención á obriga do alumnado a reparar os danos causados ao material do centro, tanto de forma intencionada como por negligencia.

Asimesmo, no artigo tipifícanse os tipos de faltas, as posibles medidas correctoras e quen as debe levar a cabo.

Recollemos toda esta información a continuación, engadindo e adaptando a normativa ao noso contexto :

Condutas leves e a a súa corrección.

Son condutas leves contrarias á convivencia:

- a) Interrupcións continuadas na aula.
- b) Desperfectos do material ou non contribución á limpeza do centro (tirar basura ao chan, por exemplo).
- c) Agresión, inxuria ou ofensa puntual a un compañeiro que non alcance gravidade.
- d) Portar calquer obxecto ou substancia perigosa ou que perturbe o normal funcionamento das clases.
- e) Falta inxustificada a clase e faltas reiteradas de puntualidade.

- f) Reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento necesarios para o desenvolvemento da clase.

Medidas correctoras:

- a) Amoestación verbal ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a Xefatura de Estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización de tarefas específicas fóra de horario lectivo.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extraescolares por un período de ata 2 semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata 1 semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Responsable de aplicar as medidas correctoras:

Tipo de medida	Responsable
a), b), c)	Profesorado do alumno/a en cuestión, dando parte á Xefatura.
a), b), c), d)	Titor/a do alumno/a en cuestión, dando parte á Xefatura.
a), c), d), e) , f)	Director/a.
g), h)	Director/a.

Condutas graves e a a súa corrección.

Son condutas graves contrarias á convivencia:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por calquera causa: racismo, sexismo, homofobia, etc.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra a dignidade da persoa.
- e) O acoso escolar.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa.
- j) Portar obxectos ou substancias gravemente perigoso para a saúde das persoas ou a negativa a entregalos.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

Medidas correctoras:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre ca-

tro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

- f) Cambio de centro (medida de carácter excepcional, con normativa específica, sinalada no artigo 40).

Responsable de aplicar as medidas correctoras:

A dirección do centro, por proposta da persoa instrutora do procedemento corrector.

Aspectos formais dos procedementos correctores

A constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia deberá formalizarse por escrito e a aplicación das medidas correctoras correspondentes deberá realizarse logo da tramitación dun expediente disciplinario, segundo o Capítulo IV do Decreto 8/2015 de Convivencia.

O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade.

Deberá conter os datos básicos do alumno/a, así como detalles sobre a norma infrinxida. Para a elaboración destes documentos contamos con plantillas específicas.

A incoación, resolución, notificación e audiencia tanto de dita incoación como da resolución deberá facerse no lugar e prazo sinalado na normativa eludida (artigos 37, 46-54 do Decreto 8/2015).

7. Protocolos específicos

Hai determinados conflitos que, pola súa gravidade, deben tratarse con protocolos específicos. Estámonos a referir aos casos de acoso escolar.

Acoso escolar. Criterios de actuación.

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 do Decreto 8/2015 de 8 de enero. Para a implementación das medidas contra o acoso escolar, seguimos o Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, publicado en Outubro do 2015 pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e usaranse os modelos previstos nese protocolo para o rexistro escrito das actuacións.

Os momentos e os lugares, e mesmo os medios, nos que pode producirse o acoso son múltiples: durante o recreo e nos patios, na fila, nos baños, nos corredores...; na aula, cando a profesora ou o profesor mira o encerado para dar unha explicación ou mentres se atende a algunha alumna ou alumno; nos cambios de clase, no comedor, no transporte escolar, nas entradas ou saídas do centro, no exterior do centro, a través do móbil (mensaxes, chamadas anónimas ...), por internet, a través das redes sociais, chat ou correo electrónico, outros.

Polas características da vítima pode haber manifestacións específicas de acoso: racista, homofóbico, sexista, dirixido a alumnado con discapacidade ...

Convén recalcar que algunhas destas manifestacións de acoso poden exercerse a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC): teléfono móbil, redes sociais... (ciberacoso). Algúns exemplos de manifestación a través das TIC son: mensaxes de móbil ofensivas, intimidatorias ou non desexadas; correos electrónicos ofensivos, intimidatorios ou non desexados; utilización da súa imaxe sen permiso, gravacións de sucesos co móbil sen permiso, outros.

Protocolo de actuación

Proponse adoptar diferentes fases:

Fase 1. Identificación do acoso escolar

- A existencia de intención de facer dano.
- A repetición das condutas agresivas.
- A duración no tempo.

e comunicación da situación:

- Calquera membro da comunidade educativa que teña sospeitas ten a obrigaón de poñelo en coñecemento das persoas responsables do menor no centro. A continuación, rexistrárase por escrito e comunicárase ao director/a do centro.
- O director/a do centro, coa debida cautela, porá ás familias implicadas en coñecemento da situación.
- Se se considera necesario e oportuno, e sempre en función da valoración inicial, a persoa responsable da dirección do centro poderá requirir a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...).

Dentro desta primeira fase incluímos ás primeiras medidas, de carácter urxente, de protección á presunta vítima.

- Vixiancia específica das persoas indicadas.
- Supervisión de lugares onde se poida producir o susposto acoso.
- Medidas cautelares.
- Comunicación e solicitude de axuda ás familias.
- Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.
- Asignación dunha persoa responsable de averiguacións previas, se procede.

Fase 2. Recollida de información e rexistro.

- Recollida inicial de información: datos indentificativos do alumnado implicado,

lugares observados, feitos.

- Entrevistas individuais á presunta vítima, responsable/s do acoso, espectadores/as.
- Entrevistas individuais ás familias.
- Solicitude de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos externos.

Fase 3. Análise da información e adopción de medidas.

No caso de tratarse efectivamente dunha situación de acoso, ademais das medidas provisionais a tomar deberá procederse á tramitación dun expediente disciplinario.

Cando as situacións conflitivas transcendan dos recursos e competencias do sistema educativo ou cando os órganos responsables do centro aprecien indicios de condutas penais, poderá solicitarse axuda externa e poñelo en coñecemento dos servizos competentes (Policía Nacional, Garda Civil, Fiscalía de Menores, servizos sociais...), aspecto este último que será de obrigado cumprimento nos casos de especial gravidade e e aqueloutros recollidos na lexislación establecida para o efecto.

Medidas de protección á presunta vítima

Con independencia das medidas adoptadas con carácter urxente para protexer a persoa presuntamente acosada, referidas na primeira fase, son múltiples as posibilidades de protección e variarán en función das necesidades peculiares do alumno ou da alumna vítima do acoso, e das posibilidades do centro.

Algunhas destas medidas poderían ser:

- Vixilancia específica das persoas presuntamente implicadas. (acosada e acosadora/s).
- Solicitude de colaboración familiar para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas.
- Asignación dunha “persoa responsable de apoio e atención á vítima” á que a vítima poida acudir cando o necesite.
- Reorganización do horario de profesorado para unha mellor atención do alumnado afectado.

- Concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación.
- Titoría individualizada e grupal da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconceito e da autoestima...
 - Actividades para desenvolver nas titorías do centro enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións...
 - Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar a posible vítima, sobre todo nos intres e lugares de maior risco (entradas, saídas, corredores...).
 - De ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas posible/s acosadora/s, logo do oportuno expediente.
 - Apertura de expediente á persoa ou persoas presuntamente agresora/s .
 - Derivar a servizos de profesionais especializados externos as persoas implicadas, se procede, para abordar tratamentos específicos que poidan reforzar o labor efectuado no centro.
 - Comunicación ao Ministerio Fiscal se o feito puidese ser constitutivo de delito ou falta penal.

Medidas reeducadoras e correctoras para a/s persoa/s agresora/s unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso.

Medidas reeducadoras para a/s persoa/s agresora/s.

Como actuacións complementarias ás medidas correctoras concluídas logo do oportuno expediente, é preciso desenvolver coa persoa ou persoas agresora/s medidas reeducadoras coma as seguintes:

- Elaboración por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais.
- Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
- Formación de equipos de mediadores.
- Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima,

participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.

- Desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro. Os agresores poden coñecer as emocións que sente a vítima, amosan empatía cognitiva, pero non son capaces de compadecerse, non amosan empatía emocional (sentir cos demais).
- Programas de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión...
- Solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
- Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.

Medidas correctoras para a/s persoa/s agresora/s

Unha vez confirmada a existencia de indicios suficientes da situación de acoso, requirirase da tramitación do oportuno expediente segundo as instrucións e procedementos establecidos con carácter xeral.

Outras medidas

Co grupo-clase e co alumnado espectador/observador.

- Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros e compañeiras, programas de habilidades sociais, de comunicación e empatía ...
- Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón.
- Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.
- Analizar as consecuencias dos comportamentos.
- Realizar actividades de adestramento para actuar ante diferentes situacións de maltrato.

Coas familias.

- Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da

educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.

- Desenvolver a súa potencialidade como educadores das súas fillas ou fillos.
- Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos seus fillos e ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- Ensinanza de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de límites, prevención do sexismo, evitara influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...
- Fortalecer a implicación da familia na vida escolare a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e as súas fillas (establecer compromisos).

Co equipo docente.

- Formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar.
- Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro.
- Acordar e unificar criterios de actuación. Creación dun código común de formas de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito.
- Apoiar e facilitar o labor do profesorado titor.
- Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar e facilitar o labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.
- Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (alumnos axudantes ou mediadores).

Fase 4.- Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

Esta fase levaraa a cabo a persoa que leve a dirección do centro ou aqueloutra

na que se delegue esta tarefa. Este seguimento levarase a cabo coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urxente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo. A este efecto, débense programar encontros periódicos, especialmente coa vítima, para comprobar se a actuación foi eficaz: se xa non hai maltrato, se mellorou a situación da vítima e se a persoa ou persoas agresora/s modificaron a súa actitude e conduta.

A dirección debe responsabilizarse de que se leven a cabo as medidas previstas e informará á Inspección Educativa do seu grao de consecución, segundo a temporización prevista.

8.- Seguimento e avaliación do desenvolvemento do Plan de Convivencia. Difusión.

Unha vez aprobado o Plan de Convivencia, debe contar coa participación de toda a comunidade educativa. Cómpre pois poñelo en coñecemento do claustro, do consello escolar, e do alumnado, a través das sesións de titoría.

A comisión de convivencia reunirase trimestralmente e tantas veces sexa necesario, para analizar o estado da convivencia do centro, as actuacións realizadas e os resultados de convivencia.

Tanto a CCP como o consello escolar de xeito trimestral, e mailo claustro de profesores, serán informados das cuestións de convivencia relevantes.

O seu seguimento, avaliación e actualización correspóndelle á comisión de convivencia, ao equipo de orientación e a o equipo directivo.